

NOME:

CURSO:



PRIMARIA
5ª SEMANA

Oitos na fachada:

En Sabarís van numerar as 100 casas dunha nova rúa cos números do 1 ao 100. Cantos oitos terán que pintar nas fachadas?



Calcetíns de cores:

A habitación de Tomé está feita un desastre. Tirados polo chan podes atopar todo tipo de xoguetes, cadernos, libros... Imaxina que nun caixón Tomé ten 28 calcetíns vermellos e 28 calcetíns azuis. O cuarto



está totalmente ás escuras. Cantos calcetíns terías que coller para asegurarte de que haxa polo menos un par da mesma cor?

Patio Olímpico:

Os profes de educación física do noso cole organizaron unha carreira entre os alumnos, pero a folla onde tiñan apuntada a orde de chegada voou co vento. O que si recordan é que Carlos chegou xusto detrás de Belén, e que Diego chegou entre Ana e Carlos. Cal é a orde de chegada á meta dos catro alumnos?



Outra de animais:

A ver se me podes contestar a esta dúbida: a un león morto de fame, que lle podo dar de comer?




NOME:

CURSO:

E.S.O.
5ª SEMANA

Cinco Frechas:

A ver se es quen de colocar estas catro frechas para formar cinco.




Os fillos do avó:

Atopei no ascensor a un simpático avó que me dixo: "Eu teño seis fillos. Cada fillo ten unha irmá. Cantos fillos teño?" Nese momento non souben qué contestar, porque me fixen un lío... pero ti seguro que xa sabes cantos fillos e fillas tiña o avó.



O escudo con cravos:

Cómo se debe dividir o escudo en catro anacos exactamente iguais para que conteñan o mesmo número de cravos cada un.



De lado a lado:

Un galo sobe ao alto dunha montaña e pon un ovo.
Se o vento sopra do leste ao oeste.
Para que lado caerá o ovo?

